



ADMINISTRACIÓN LOCAL

PROVINCIAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Secretaría Xeral. Servizo de Patrimonio e Contratación

Anuncio de aprobación da nova composición da Mesa de Contratación Permanente da Deputación Provincial da Coruña que modifica a designada por Resolución da Presidencia 35664, do 15.10.2021

Anuncio de aprobación da nova composición da Mesa de Contratación Permanente da Deputación Provincial da Coruña que modifica a designada por Resolución da Presidencia 35664, do 15/10/2021

RESOLUCIÓN 34833 DE 03/09/2021 POLA QUE SE APROBA A NOVA COMPOSICIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN PERMANENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA QUE MODIFICA A DESIGNADA POR RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA 35664 DE 15/10/2019

Don VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO, presidente da Deputación Provincial de A Coruña.

Antecedentes

1.º) Mediante Resolución da Presidencia n.º 26008, do 29/07/2019, aprobouse a composición da Mesa de Contratación Permanente da Deputación Provincial da Coruña respecto dos procedementos de contratación abertos e restrinxidos, procedementos negociados con publicidade a que se refire o artigo 326.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro de 2017, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

2.º) A composición da Mesa de Contratación foi ratificada polo Pleno na sesión de 12 de setembro de 2019, e publicada no BOP n.º 182, do 25/09/2019.

3.º) Mediante Resolución da Presidencia n.º 35664, do 15/10/2019, aprobouse a nova composición da Mesa de Contratación Permanente da Coruña nomeando como deputada titular na Mesa de Contratación da Deputación da Coruña a dona Sandra González Castro, en lugar de don Bernardo Fernández Piñeiro.

4.º) A nova composición da Mesa de Contratación foi ratificada polo Pleno na sesión de 2 de decembro de 2019, e publicado no BOP n.º 198, do 17/10/2019.

5.º) Visto o escrito do Grupo Provincial Popular no que se nomea como deputado titular na Mesa de Contratación da Deputación da Coruña a don Roberto Rodríguez Martínez, en lugar de Dona Dalía García Couso, que cesou como deputada provincial.

RESOLVO:

1.º) Aprobar a nova composición da Mesa de Contratación Permanente da Deputación Provincial da Coruña respecto dos seguintes procedementos de contratación a que se refire o artigo 326.1 da Lei 9/2017:

- Aberto
- Aberto simplificado
- Aberto simplifícadísimo do artigo 159.6
- Restrxinxido
- Diálogo competitivo
- Licitación con negociación
- Asociación para a innovación
- Procedementos negociados fundamentados en imperiosa urxencia prevista na letra b.1 do artigo 168 de maneira que a composición da Mesa de Contratación Permanente da Deputación Provincial da Coruña queda integrada polas seguintes persoas:

	TITULARES	SUPLENTE	
PRESIDENTE	Deputado provincial (Grupo Bloque Nacionalista Galego, BNG) D. Xosé Lois Penas Corral	Deputado provincial (Grupo Bloque Nacionalista Galego, BNG) D. María Carmen Muíño Filgueira	
VOGAIS	Secretario xeral (con funcións de asesoramento xurídico) D. José Luis Almau Supervía	PRIMER VOGAL SUPLENTE	SEGUNDO VOGAL SUPLENTE
		Oficial Maior D.ª M.ª Amparo C. Taboada Gil	Letrado asesor xurídico Andrés Fernández Maestre
SECRETARIO CON VOZ E SEN VOTO	Interventor xeral D. José Manuel Pardellas Rivera	PRIMER VOGAL SUPLENTE	SEGUNDO VOGAL SUPLENTE
		Interventor adxunto D. Juan Bautista Suárez Ramos	Viceinterventor D. José María Pérez Alvariño
SECRETARIO CON VOZ E SEN VOTO	Xefe do Servizo de Patrimonio e Contratación D. Luis Jaime Rodríguez Fernández	PRIMER SECRETARIO SUPLENTE	SEGUNDO SECRETARIO SUPLENTE
		Xefa da Sección I de Patrimonio e Contratación D.ª María José Lauda Pan	Xefa da Sección II de Patrimonio e Contratación D.ª Beatriz Méndez López

ASISTENTES CON VOZ E SEN VOTO	Deputada provincial (Grupo Partido Socialista Obrero Español, PSOE) D.ª Sandra González Castro	Deputado provincial (Grupo Partido Socialista Obrero Español, PSOE) D. José Manuel Lage Tuñas
	Deputada provincial (Grupo Partido Popular, PP) D.ª Martina Aneiros Barros	Deputado provincial (Grupo Partido Popular, PP) D. Roberto Rodríguez Martínez
	Deputado provincial (Grupo Alternativa dos Veciños, AV) D. Ángel García Seoane	-
	Deputado provincial (Grupo Marea Atlántica, MA) D. Alberto Lema Suárez	-

2.º) Dar conta ao Pleno da Corporación da presente resolución para a súa ratificación.

3.º) Dispoñer a publicación do presente acordo no perfil de contratante integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público, de conformidade co artigo 326.3 e disposición adicional segunda, 7 da Lei 9/2017.

4.º) Publicar ademais, para dar maior difusión á composición da Mesa de Contratación, no Boletín Oficial de la Provincia e no Portal de Transparencia desta Deputación.

A Coruña, 7 de setembro de 2021.

O PRESIDENTE

Valentín González Formoso

O SECRETARIO

José Luis Almau Supervía

2021/6780